



XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017

MÚSICA
[E OUTRAS
ARTES]

7 out-25 nov
2017

Santiago de
Compostela

La Phármaco

VEN 17 NOV—20.30 h
Sala Ángel Brage
Auditorio de Galicia

Luz Arcas e Abraham Gragera, dirección e dramaturxia

Ao remate do espectáculo, o público asistente poderá
participar nun encontro/coloquio coa compañía

Programa

Kaspar Hauser. El huérfano de Europa (2016)

Escena 1

Un extraño rapaz

Da aparición de Kaspar Hauser na praza de Nuremberg

Escena 2

A cor branca mordeume

Da primeira experiencia coa neve

Escena 3

Xinete como o meu pai quero

Do peculiar talento de Kaspar Hauser para a equitación

Escena 4

O outro do espello

Da estrañeza de Kaspar ante o propio Kaspar

Escena 5

Farase de noite

Da primeira visión da noite estrelada

Coreografía e Interpretación: Begoña Quiñones

Composición e interpretación musical: Carlos González

Iluminación: Jorge Colomer

Deseño de vestiario: Heridadegato

Escenografía: Ana Montes

Fotografía: Javier Suárez

Prensa e comunicación: Cultproject

Produción e distribución: Sofía Manrique

Dirección e dramaturxia: Luz Arcas / Abraham Gragera

Deseño Gráfico: Brigada Estudio

Colaboran: Centro de Danza Canal / Comunidad de Madrid/

Ministerio de Educación, Cultura y Deporte del Gobierno de España

O 26 de maio de 1828 apareceu nunha praza de Nuremberg un estraño rapaz que apenas lograba manterse en pé. Levaba unha carta anónima, que daba algúns datos contraditorios sobre a súa procedencia e deixaba a súa sorte en mans de quen o encontrara. Kaspar Hauser foi acollido de contado na cidade, e en todo o país, como un experimento social, político e filosófico. Ás seis semanas falaba con certa fluidez, podía ler e escribir. Sóubose por el mesmo que vivira, ata o momento, nun calabozo, que durmía sobre un colchón de palla, que non había sons pero si un cabalo de madeira co que xogaba, e que lle traían o alimento pola noite (pan e auga, en ocasións aderezado con opio). Contaba como poucos días antes da súa liberación, “o home co que sempre estivera”, aprendeulle a escribir o seu nome e dicir as frases que repetía cando foi encontrado (“un xinete como o meu pai quero” e “cabalo, cabalo”). Ata este momento non vira ningún ser humano. Os médicos decretaron que non era un tolo nin sufría máis retraso que o que lle provocara o illamento. O seu proceso de aprendizaxe estivo titorizado fundamentalmente por Anselm von Feuerbach, que deixou testemuño da súa peculiar intelixencia: cunha sensibilidade especial para a pintura e a equitación, apaixonado pola lectura e a música, Kaspar nunca resolveu quen se encontraba ao outro lado dos espellos, tampouco logrou assimilar a idea do Deus único, repelía as imaxes cristiás e odiaba o latín, non diferenciaba os acontecementos soñados dos vividos e atribuíu vontade a todos os seres inanimados. Feuerbach sospeitaba que Kaspar era o primoxénito dun dos liñaxes da familia dos Baden, que tentaron desfacerse del nunha escura loita pola soberanía, e que o encerro fora a única alternativa á morte. Nunca se puido demostrar a súa verdadeira procedencia. Morreu asasinado en estrañas circunstancias o 17 de decembro de 1833. Na súa lápida pode lerse: “Aquí xace Kaspar Hauser, enigma do seu tempo. O seu nacemento é descoñecido. A súa morte, un misterio”.

A nosa proposta

Kaspar Hauser ou como se baila o primeiro encontro co mundo despois de 17 anos de sombra e de silencio: miralo todo cos ollos de quen non esperaba nin necesitaba o mundo. Bailar a natureza poética e salvaxe do humano. A experiencia da identidade como un abismo escuro que se precipita sen esperanza cara a morte: a crise do tempo; o animismo ou a convivencia igualitaria con todo o que existe; o panteísmo como relixión orixinal; a certeza de que todo canto sucede é real, incluso os soños. Kaspar Hauser, coñecido no seu tempo como “o Orfo de Europa” cegou pola súa sofisticada e, ao mesmo tempo, inxenua intelixencia. Hipersensible aos aromas, ás cores, aos sabores e sons, ao magnetismo dos metais, animais e homes, pasou sufrindo a invasión das cousas e fenómenos durante os escasos cinco anos de estancia no corazón de Europa, da que nunca puido sentirse parte. A visión da noite

estrelada provocoulle a súa primeira e insuperable crise de identidade, ademais de numerosas e incontestables preguntas sobre o seu pasado, presente e futuro, como a obsesión por atopar á súa nai. Ata este momento, botaba en falla o seu tranquilo encerro e ao “home co que sempre estivera”, e parecíalle moito máis terrible aquela nova vida trastornada polo impacto continuo e feroz da realidade. A visión da noite estrelada causoulle unha euforia que se transformou, un instante despois, en pranto e reproche cara a quen lle negaron a beleza do mundo durante tanto tempo e, aos poucos días, nunha silenciosa melancolía que o acompañaría ata a súa morte. Kaspar Hauser sufriu o capricho, a violencia e o abandono do mundo civilizado. A súa historia, tal e como a describiría Anselm von Feuerbach, é a “dun delito contra a alma do home”. Pero quizais, o que nos trastorna tan fondamente da personaxe é que encarna a esencia da traxedia de todos os tempos: a da incapacidade do ser humano para comprender a súa propia experiencia.

La Phármaco, desde o seu nacemento en 2009, propúxose recuperar o concepto clásico de cerimonia escénica: o espectáculo total, onde os elementos expresivos se reúnen e afinan nunha mesma tonalidade, comprometida coa mensaxe. Segundo La Phármaco, a danza non se limita a unha cuestión de xéneros nin de estilos, o seu labor é tentar facer visible o que estaba escuro. As formas e as dinámicas son sempre inesperadas, orixinadas no fondo e reveladas como segredos onde a alma pode manifestarse e recoñecerse. A danza é unha arte culta, que dialoga coas voces fundamentais da nosa Historia: La Phármaco encontra nos clásicos da literatura universal un espello apropiado para reflectir a nosa época, ao tempo que vindica a danza como mecanismo social, humanista. A cerimonia escénica é necesaria. A experiencia poética enfróntanos coas contradicións do humano.

Quen baila lémbra-nos que o mundo aínda estase creando. Entre as creacións de La Phármaco destacan *El libro de los venenos* (2009, Premio INJUVE e Málaga CREA 2009), *El monstruo de las dos espaldas* (2010), *Antes fue siempre fuego* (2012), *Sed erosiona* (2012), *Éxodo: primer día* (2013, nomeada aos Premios MAX e Premios del Teatro Andaluz por Mellor Espectáculo de Danza e Mellor Intérprete Feminina de Danza, seleccionada para o catálogo do AECID 2015) e *La voz de nunca* (2014, co-producida pola Agencia Andaluza de Instituciones Culturales, premio mellor intérprete feminina de danza nos Premios do Teatro Andaluz, 2015). Os seus traballos recibiron o apoio do Centro de Danza Canal, a Agencia Andaluza de Instituciones Culturales, INAEM e AECID, e o seu repertorio continúa en xira dentro e fóra de España.

Últimos concertos

NOVIEMBRE

NICASIO GRADAILLE, piano

Sáb 18—20.30 h — CGAC

MANUEL BLANCO, trompeta

KARINA AZIZOVA, piano

Ven 24—20.30 h — Paraninfo da Universidade

CUARTETO GRANADOS

ALICIA AMO, soprano

Sáb 25—20.30 h — Igrexa da Universidade

XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2017

MÚSICA [E OUTRAS ARTES]

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacapitalcultural.gal



CGAC CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA



MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

inaem
INSTITUTO NACIONAL DE
LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA



GOBIERNO
DE ESPAÑA



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA